



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Xustiza

Rúa Madrid, 2- 4, planta 2ª - Polígono de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
Tlf: 881 997- 661/217 Fax: 981 546227

galicia

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 8482 / RX 1502401

Data 10/10/2019 11:22:05



Xulgado de Primeira Instancia e
Instrución nº 2
Avda de Galicia nº 48
27400 Monforte de Lemos

Ref: SXM/tls

Subdirección Xeral de Medios da Administración de Xustiza
Asunto: Designación de perito. Procedemento: **Dilixencias Previas Procedemento Abreviado 332/2017**
Expediente núm.: PR 204E 2019/339 (Cítese esta referencia)

En contestación a súa solicitude de designación dun **perito especialista en ciencias medioambientais** para a práctica da proba pericial acordada no procedemento de referencia, cómpre comunicarlle que **esta Administración carece de profesional idóneo**, polo que a asistencia pericial deberá levarse a cabo, se o xuíz o estima pertinente en resolución motivada, a cargo do perito que, por sorteo, sexa designado por ese xulgado entre os técnicos privados que corresponda, artigo 50º.4 do Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta (modificado polo Decreto 138/2012, do 21 de xuño).

O dito perito, antes da realización da proba pericial, remitirá á Dirección Xeral de Xustiza, para a súa aprobación, un **presuposto desglosado** do seu custo económico, artigo 52º.3 do Decreto 269/2008.


Polo que respecta á retribución por hora non poderá superar a retribución media que lle outorga a Administración a un membro dun corpo onde se esixa unha titulación similar para a realización da peritaxe que, neste caso esta Administración estima en **40€/hora**.

Por outra parte, a partida relativa á realización e presentación do informe debe entenderse comprendida dentro da retribución horaria, sen que en total poidan minutarse máis de **20 horas** e pola asistencia a xuízo non poderá minutarse por máis de **2 horas**, agás que existan razóns xustificadas de especial complexidade, ou ben o número de persoas sobre as que verse o informe pericial exceda de 4.


Os gastos de desprazamento abónanse a **0,19 €/km**.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019

O subdirector xeral



Rafael Juanatey Mayán



Xacobeo 2021



COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS
TÉCNICOS FORESTAIS DE GALICIA

R/ Sánchez Freire, 64 - Baixo Dta.
15706 Santiago de Compostela
E-mail: coetfoga@forestaisgalicia.es
Web: www.forestaisgalicia.es
Telf./Fax 981 52 00 77

**XULGADO 1ª INSTANCIA E
INSTRUCCIÓN, Nº 2
Avda. de Galicia, nº 48
27400 MONFORTE DE LEMOS
LUGO**

40/2019
07 ENE. 2019

En Santiago de Compostela, a 07 de Xaneiro de 2.019

Distinguido/a Señor/a:

De acordo có disposto no artigo 341 da "Ley 1/2000, de 7 de enero de Enjuiciamiento civil", axuntámoslle a lista de colexiados inscritos no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia dispostos a actuar como peritos xudiciais no ano 2.019.

Os Enxeñeiros Técnicos Forestais de acordo có disposto na "Ley 12/1986 de 1 de abril obre regulación de atribuciones profesionales" teñen plena atribución dentro da súa especialidade técnica para:

- a. A redacción e firma de proxectos que teñan por obxecto a construción, reforma, reparación, conservación, demolición, fabricación, instalación, montaxe ou explotación de bens mobles ou inmobles, nos seus respectivos casos, tanto con carácter principal como accesorio, sempre que queden comprendidos pola súa natureza e características na técnica propia de cada titulación.
- b. A dirección das actividades obxecto dos proxectos a que se refire o apartado anterior, incluso cando os proxectos foran elaborados por un terceiro.
- c. A realización de medicións, cálculos, valoracións, taxacións, peritaxes, estudos, informes, planos de labores e outros traballos análogos.
- d. O exercicio da docencia nos seus diversos grados nos casos e termos previstos na normativa correspondente e, en particular, conforme ao disposto na "Ley Orgánica 11/1983, de 25 de agosto, de Reforma Universitaria".
- e. A dirección de toda clase de industrias ou explotacións e o exercicio, en xeral respecto delas, das actividades ás que se refiren os apartados anteriores.

O visado colexial, aínda cando non resulta obrigatorio de acordo coa vixente Lei de Colexios Profesionais, garante o ámbito de competencia así como a habilitación profesional do seu autor.

Sen outro particular, reciban un cordial saúdo do COETFG.
Atentamente,

Asdo.: Patricia González Pereiro
Xerente do COETFG